

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2009.-

Presidente:

Sr. Alcalde-Presidente
Don Iván Puentes Rivera.

Asistentes:

Dona Rocío Rey Sampayo.
Dona M^a del Carmen Silvar Canosa.
Dona Amalia García Balado.
Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira.
Don José Antonio López Rodríguez.
Don Juan Manuel Lourido González.
Dona Rita María Couto Seijido.
Don Manuel Polo Gundín.
Dona Inés Roca Requeijo.
Don Manuel Vicente Pico Sanmartín.
Don Edgar Antonio Vigo López.
Don Gumersindo Pedro Galego Feal.
Dona Rocío Aurora Bértoa Puente.
Dona M^a del Pilar Fornos Corral.
Don Manuel Sánchez Martínez.

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as nove horas e dez minutos do día vinte e trinta de outubro de dous mil nove, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente Don Iván Puentes Rivera, e coa asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as Dona Rocío Rey Sampayo, Dona M^a del Carmen Silvar Canosa, Dona Amalia García Balado, Don Manuel Ángel Rodríguez Carballeira, Don José Antonio López Rodríguez, Don Juan Manuel Lourido González, Dona Rita María Couto Seijido, Don Manuel Polo Gundín, Dona Inés Roca Requeijo, Don Manuel Vicente Pico Sanmartín, Don Edgar Antonio Vigo López, Don Gumersindo Pedro Galego Feal, Dona Rocío Aurora Bértoa Puente, Dona M^a del Pilar Fornos Corral e Don Manuel Sánchez Martínez.

Non asiste á sesión o Sr. Concelleiro Don Juan José Franco Casal.

Non asiste:

Don Juan José Franco Casal.

Asiste á sesión a Interventora municipal, Dona Marta Roca Naveira, e actúa como Secretaria Dona Pilar María Pastor Novo, Secretaria xeral do Concello, que da fe do acto.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se da o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Secretaria:

Dona Pilar María Pastor Novo.

1.- APROBACIÓN DOS PROXECTOS COS TÍTULOS “ASFALTADOS NA TRAVESÍA DA VREA E NA RÚA DO PENEDO, ABASTECIMENTO NO CAMPANARIO E NO PEREIRO E SANEAMENTO NO REDONDO” COMA PROXECTO PRINCIPAL E, “ABASTECIMENTO NA ESTRADA DE LARAXE (LIMODRE)” COMA COMPLEMENTARIO, ÁMBOLOS DOUS A INCLUIR NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DO ANO 2010 (POS 2010) PROMOVIDO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Seguidamente polo Sr. Alcalde-Presidente de conformidade co disposto no artigo 82.3 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, sométese a votación ordinaria a ratificación de inclusión da orde do día do asunto, sendo ratificada por unanimidade dos/as Srs/as Concelleiros/as asistentes á sesión.

A continuación dáse conta da proposición da Alcaldía de data 27 de outubro de 2009 que, transcrita di:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Vista a Circular para elaborar o Plan de Obras e Servizos de competencia municipal para o ano 2010 remitida pola Excma. Deputación Provincial de A Coruña.

Vistos os proxectos técnicos das obras: “Asfaltados na travesía da Vrea e na rúa do Penedo, abastecemento no Campanario e no Pereiro e saneamento no Redondo” e “Abastecemento na Estrada de Laraxe (Limodre), elaborados polo enxeñeiro de Camiños, D. Marcelino López Méndez.

Vistos os informes emitidos polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en relación a ditos proxectos de data 26 de novembro de 2009 que, transcritos din:

“Asto.: [INFORME SOBRE “PROXECTO DE ASFALTADOS NA TRAVESÍA DA VREA E NA RÚA DO PENEDO, ABASTECIMENTO NO CAMPANARIO E NO PEREIRO E SANEAMENTO NO REDONDO”](#). Consultor: PROYFE, S.L.. Autor: Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ. Novembro 2.009. Importe total investimento (licitación): 290.596,32 €

En relación co proxecto do asunto, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe:

1.- O Proxecto do asunto inclúe diversas obras que se resumen nas seguintes:

- Abastecemento no Campanario, Cornide, Igrexario e Estrada de Laraxe en Limodre.

Prolongación da rede actual de Limodre e da do Polígono de Vilar do Colo (Avda. de Astano) nunha lonxitude total de $3.179 + 367 = 3.546$ m, mediante unha tubería principal de PE de ϕ 90 mm (3.1279 m) e ramais de PE de ϕ 63 mm. Inclúe reposición dos pavimentos afectados.

- Abastecemento no Camiño do Pereiro (Maniños).

Enlaza as redes de abastecemento existentes actualmente na Estrada da Armada e no Camiño do Catalán, a través do Camiño do Pereiro, mediante unha conducción de lonxitude total 660 m, de PE de ϕ 90 máis un ramal lateral de ϕ 63 mm (150 m), en zanza, con instalación de válvulas de comporta, arquetas, etc.

Inclúe reposición dos pavimentos afectados.

- Abastecemento na Travesía da Vrea (Maniños).

Consiste nun ramal dende o Camiño do Revolto, mediante unha conducción de lonxitude total 250 m, de PE de ϕ 90, en zanza, con instalación de válvula de comporta, arquetas e tapón final.

En paralelo aproveitarase para nova pavimentación mediante TTS e execución de cunetas e salvacunetas.

- Saneamento e impulsión no Camiño do Redondo (Magalofes).

Inclúe a instalación dunha conducción de PVC de dobre parede dunha lonxitude total de 120 m, en tubería de ϕ 315 mm, cun total de 4 pozos de rexistro, ademais dun pozo de bombeo con 2 bombas sumerxibles para augas residuais e impulsión mediante tubería de PVC orientado de ϕ 110 mm nunha lonxitude de 165 m.

Inclúe reposición dos pavimentos afectados e require ademais o cruce mediante perforación dirixida da estrada provincial DP-3503.

- Asfaltado na Travesía da Vrea (Maniños). 1ª Fase.

A partir do camiño actual de firme de zavorra pavimentarase a traza existente mediante triple tratamento asfáltico superficial con cunetas e salvacunetas.

Lonxitude de 165 m con largura de 5 m e de 130 m con 2,5 m.

- Asfaltado na Rúa do Penedo (Barallobre). 1ª Fase.

A partir do camiño actual pavimentarase a traza existente mediante dúas seccións diferenciadas: triple tratamento asfáltico superficial con cunetas e salvacunetas nunha lonxitude de 190 m con largura de 5,5 m e pavimento de formigón HF-3,5 nos 20 m próximos ña Astrada da Palma (AC-133) tamén con 5,5 m de largura.

Inclúe retranqueo de postes e adaptación de rexistros.

2.- O proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. Art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (L.C.S.P.) e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P. (R.X.C.): Memoria (incluíndo declaración de obra completa) e anexos, Planos, Prego de Condicións e Presuposto para a definición das obras, procedendo as observacións de carácter urbanístico e técnico que se recollen seguidamente.

3.- Caben as seguintes observacións e consideracións de carácter técnico de competencia do funcionario que suscribe ao documento sobre aspectos urbanísticos e de adecuación das obras previstas no proxecto ao vixente PXOM/Rev. 98 do Concello de Fene.

3.1.- O Abastecemento no Campanario, Cornide, Igrexario e Estrada de Laraxe en Limodre, con tubería principal de PE de ϕ 90 mm (3.1279 m) e ramais de PE de ϕ 63 mm, enlaza a rede de abastecemento do polígono de "Vilar do Colo" coa de Limodre a través dun tramo inicial que discorre pola estrada do polígono a Limodre e, o resto, por viais secundarios de titularidade municipal, todos existentes na actualidade.

Da servizo ás vivendas situadas en Cornide, Campanario e Igrexario de Limodre, todas emprazadas en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.), ata enlazar co S.U.C.R. de Limodre.

Tanto o tramo inicial de enlace coa rede do polígono industrial como o de unión das áreas de Cornide e Campanario sitúanse sobre viais que á súa vez discorren por Solo Rústico de Especial Protección Ambiental (S.R.E.P.A.) segundo vixente PXOM/Rev. 98(03) de Fene.

O material previsto para as conduccións, PE, é perfectamente admisible e usual para o servizo a prestar sempre que sexa "*apto para uso alimentario*".

Sen embargo debo facer constar que ao tramo da conducción que discorre por S.R.A.U. e S.R.E.P.A. resúltalle de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de

abastecemento “*non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede*” en relación coa autorización de usos permitidos por licenza municipal prevista nos arts. 36.1, 37.1 e 38.1 da L.O.U.P.M.R.G. para solos rústicos de protección ordinaria, de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestructuras e de protección das augas, das costas, de interese paisaxístico e de patrimonio cultural pero tendo en conta que nas zonas servidas xa existe, parcialmente servizo de saneamento (Campanario) e na súa totalidade acceso rodado e electricidade polo que a rede de abastecemento que se proxecta mellora e amplía as condicións de servizos existentes coa garantía de calidade do abastecemento de auga que supón a nova conducción.

Por outra parte, si se considera que o feito da clasificación como S.R.E.P.A. e S.R.A.U. impide na práctica a urbanización no senso de ocupación residencial a pesares da existencia dos servizos urbanos, resulta admisible, con tal consideración, a implantación do servizo.

Como xa se ten indicado en caso anteriores similares, a determinación da L.O.U.P.M.R.G. no senso de impedir a urbanización de solos rústicos mediante a implantación de servizos urbanos pode entrar en contradición co Art. 26 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local no que se establece que:

“**Art. 26.** 1. Os Municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

En todos os Municipios:

a) *Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, **abastecemento domiciliario de auga potable**, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e control de alimentos e bebidas.*
.....”

independentemente da poboación e das condicións urbanísticas da mesma.

En definitiva, cabe a interpretación de que unha vez implantada legalmente unha edificación ou un grupo de vivendas que conformen un certo núcleo, aínda sin tal calificación legal urbanística, o Art. 26 da L.B.R.L. obriga ao Concello á prestación dos servizos citados, si ben tal actuación “*non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede*” de maneira que haberá de garantirse o mantemento das condicións urbanísticas dos solos afectados pola implantación, o que se pode resolver mediante a tramitación á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestructuras, competente na materia.

Debido a que a lonxitude total do novo tramo do abastecemento supera os 500 m, en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada en todo caso á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que técnicamente a solución proxectada é correcta.

3.2.- O Abastecemento no Camiño do Pereiro (Maniños), con tubería principal de PE de ϕ 90 mm (660 m) e un ramal de PE de ϕ 63 mm (150 m), enlaza a rede de abastecemento da Estrada da Armada (DP-3501) coa conducción do C./ Catalán no Revolto, discorrendo por viais secundarios de titularidade municipal, todos existentes na actualidade.

O tramo inferior de 150 m próximo á Estrada da Armada discorre e da servizo a varias vivendas situadas en Solo Urbano Consolidado Residencial (SUCR) de Maniños mentras que o tramo superior e ramal ata a conexión co Camiño do Catalán discorre a da servizo a vivendas en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) segundo vixente PXOM/Rev. 98(03) de Fene.

O material previsto para as conduccións, PE, é perfectamente admisible e usual para o servizo a prestar sempre que sexa *“apto para uso alimentario”*.

Ao igual que no caso anterior, agás ao tramo e vivendas situadas en S.U.C.R., ao resto da rede que discorre por S.R.A.U. resúltalle de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de abastecemento *“non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede”* en relación coa autorización de usos permitidos por licenza municipal prevista nos arts. 36.1, 37.1 e 38.1 da L.O.U.P.M.R.G. para solos rústicos de protección ordinaria pero tendo en conta que na zona servida xa existe actualmente o servizo de saneamento e na súa totalidade acceso rodado e electricidade polo que a rede de abastecemento que se proxecta mellora e amplía as condicións de servizos existentes coa garantía de calidade do abastecemento de auga que supón a nova conducción.

Por outra parte, si se considera que o feito da clasificación como S.R.A.U. que impide na práctica a urbanización no senso de ocupación residencial a pesares da existencia dos servizos urbanos, resulta admisible, con tal consideración, a implantación do servizo si se garantiza a non execución de novas edificacións.

Reitérase pois aquí a referencia ao citado Art. 26 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local que establece a obriga de prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable independentemente da poboación e das condicións urbanísticas da mesma e en consecuencia volve a indicarse que coa mesma consideración do caso anterior cabe a interpretación de que unha vez implantada legalmente unha edificación ou un grupo de vivendas que conformen un certo núcleo, aínda sin tal calificación legal urbanística, o Art. 26 da L.B.R.L. obriga ao Concello á prestación dos servizos citados, si ben tal actuación *“non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede”* de maneira que haberá de garantizarse o mantemento das condicións urbanísticas dos solos afectados pola implantación, o que se pode resolver mediante a tramitación á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, competente na materia.

Debido a que a lonxitude total do novo tramo do abastecemento supera os 500 m, en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada en todo caso á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que técnicamente a solución proxectada é correcta.

3.3.- O Abastecemento na Travesía da Vrea (Maniños), con tubería principal de PE de ϕ 90 mm (250 m), da servizo a 3 vivendas existentes a partir da conducción do Camiño do Revolto, discorrendo por un vial secundario de titularidade municipal, existente na actualidade cun firme de terra e zahorra.

Toda a conducción da servizo a 3 vivendas situadas en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) segundo vixente PXOM/Rev. 98(03) de Fene.

O material previsto para as conducións, PE, é perfectamente admisible e usual para o servizo a prestar sempre que sexa “*apto para uso alimentario*”.

Propónse eliminar os 100 m finais inferiores da condución por non servir a ningunha vivenda e estar situado en S.R.A.U., de maneira que non se superen os 150 m de condución.

Ao igual que nos casos anteriores á totalidade ao resto da rede que discorre por S.R.A.U. resúltalle de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de abastecemento “*non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede*” en relación coa autorización de usos permitidos por licenza municipal prevista nos arts. 36.1, 37.1 e 38.1 da L.O.U.P.M.R.G. para solos rústicos de protección ordinaria.

Proceden as mesmas consideracións anteriores que os abastecementos de Campanario, Cornide, Igrexario e Pereiro pola razón de emprazamento e servizo a vivendas existentes, de maneira que, con obxecto de garantir a prestación dos servizos obrigados para o Concello haberá de garantizarse simultaneamente o mantemento das condicións urbanísticas dos solos afectados pola implantación, o que se pode resolver mediante a tramitación á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, competente na materia.

3.4.- O Saneamento e impulsión no Camiño do Redondo (Magalofes) inclúe a instalación dunha condución de PVC de dobre parede dunha lonxitude total de 120 m, en tubería de ϕ 315 mm, cun total de 4 pozos de rexistro, ademais dun pozo de bombeo con 2 bombas sumerxibles para augas residuais e impulsión mediante tubería de PVC orientado de ϕ 110 mm nunha lonxitude de 165 m e da servizo a varias vivendas do Redondo (Magalofes), todas emprazadas en Solo Urbano, Norma Zonal Unifamiliar U-2.

A necesidade do bombeo ven determinada polas condicións topográficas da zona servida que require da impulsión para conexión coa rede de abastecemento existente ao longo da Rúa de Buios / Estrada de Magalofes, provincial DP-3503.

Os materiais previstos para as conducións, PVC, son perfectamente admisible e usual para o servizo a prestar.

En canto á procedencia da actuación xustifícase para completar un servizo requerido polo Art. 26 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local:

“Art. 26. 1. *Os Municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

En todos os Municipios:

*b) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, **alcantarillado**, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e control de alimentos e bebidas.*

.....”

independentemente da poboación e das condicións urbanísticas da mesma.

Ademais do anterior, debido a que a conexión coa rede de saneamento actual que discorre pola DP-3503 debe producirse na marxe oposta da mesma ao emprazamento das obras, o cruce da calzada mediante perforación dirixida esixe a disposición da correspondente autorización do organismo titular, Deputación Provincial.

3.5.- O Asfaltado na Travesía da Vrea (Maniños), realizarase no camiño actual pavimentando a traza existente mediante triple tratamento asfáltico superficial con cunetas e salvacunetas, nunha lonxitude de 165 m con largura de 5 m e de 130 m con 2,5 m, adaptado ao dominio público existente.

A traza do vial existente discorre nos 65 m inferiores por Solo Urbano de Norma Zonal Unifamiliar U-2, e nos 230 m superiores en Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) segundo vixente PXOM/Rev. 98(03) de Fene, estando prevista unha largura de 8,00 m constante.

O tipo de pavimento é admisible e usual para o tipo de vial si ben propónse reducir a sección/diámetro dos tubos salvacunetas dos 400 mm proxectados por innecesariedade e inadecuación dos mesmos a só 250 a 300 mm.

Polo tanto, dado que non se trata dun vial non existente ou non previsto no PXOM/Rev. 98 non resulta de aplicación o Art. 35 da L.O.U.P.M.R.G. relativo á limitación de apertura de camiños.

Agora ben, dado que a planta de trazado e sección transversal de 5 e 2,5 m de calzada non se corresponde coa prevista de 8 m no Plan Xeral o proxecto non contempla a ocupación de todo o largo de 8,00 m, de maneira que a actuación só pode considerarse adaptada ao PXOM/Rev. 98 si se entende como unha primeira fase de ocupación, o que debe considerar a Corporación.

3.6.- O Asfaltado na Rúa do Penedo – 1ª Fase (Barallobre) realizarase no camiño actual pavimentando a traza existente mediante triple tratamento asfáltico superficial con cunetas e salvacunetas, nunha lonxitude de 160 m e un tramo de conexión coa Estrada da Palma (AC-133) mediante formigón, tendo todo o tramo largura variable adaptada á traza existente.

Toda a lonxitude se desenrola seguindo o vial municipal existente, situado integramente en Solo Urbano Consolidado de Normas Zonais Unifamiliar U-1 e U-2, estando prevista unha largura constante e uniforme de 8,00 m, si ben o proxecto se adapta na pavimentación ao dominio público existente.

O tipo de pavimento é admisible e usual para o tipo de vial, xustificándose pola pendente existente no tramo inferior o emprego de formigón para mellorar a adherencia e con obxecto de evitar que o árido solto en caso de emprego de DTS acabe na calzada da AC-133.

Polo tanto, dado que non se trata dun vial non existente ou non previsto no PXOM/Rev. 98 non resulta de aplicación o Art. 35 da L.O.U.P.M.R.G. relativo á limitación de apertura de camiños.

Agora ben, dado que a planta de trazado e sección transversal variable pero inferior a 8 m de calzada non se corresponde coa prevista de 8 m no Plan Xeral o proxecto non contempla a ocupación de todo o largo de 8,00 m, de maneira que a actuación só pode considerarse adaptada ao PXOM/Rev. 98 si se entende como unha primeira fase de ocupación, o que debe considerar a Corporación.

4.- En resumo, o Proxecto **infórmase favorablemente e con carácter previo xeral coas observacións apuntadas** en canto ás actuacións en solo rústico reflectidas nos apartados

3.1, 3.2 e 3.3, e **condicionado ás autorizacións de organismos e administracións públicas con competencias sobre as obras nos termos indicados.**

En canto aos aspectos técnicos, **deberá reducirse a lonxitude de abastecemento nos 100 m finais inferiores da travesía da vrea e reducirse asimesmo os diámetros dos tubos salvacunetas de 400 mm a 300 ou 250 mm**, suficientes por razón de caudal e pendente nas pavimentacións. Estas modificacións poden non ter repercusión económica si se recollen na partida de imprevistos.

Reitérase pois a **necesaria tramitación para autorización pola Deputación Provincial** pola afección no redondo á calzada da DP-3503, pola **Consellería de Sanidade** dos Abastecemento no Campanario, Cornide, Igrexario (Limodre) e Pereiro (Maniños) por ter unha lonxitude superiores aos 500 m, en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano e, si se considera procedente á vista do informe xurídico, da **Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas** no relativo aos Abastecementos de Campanario, Cornide, Igrexario (Limodre), Pereiro (Maniños) e Travesía da Vrea (Maniños) por razón de clasificación do solo.

En tanto non se resolva favorablemente sobre tales autorizacións o presente informe debe entenderse provisional e condicionado a posibles imposicións por tales organismos. Asimesmo, sen tales autorizacións non procederá realizar a acta de replanteo.

Finalmente, exposto todo o anterior debo facer referencia obrigada ao punto 1.3 do Prego da “Concesión da explotación dos servizos Municipais de Abastecemento de auga e da rede de Saneamento do Concello de Fene” adxudicado a AQUAGEST, no que se establece a *obriga do concesionario de informar a asesorar tecnicamente á Corporación sobre todo o relativo aos servizos de auga e rede de saneamento*, polo que, tendo en conta que o Proxecto analizado contén actuacións en abastecemento e saneamento e afecta á rede e condicións do abastecemento e saneamento en Fene, procede de forma obrigatoria o informe de AQUAGEST que poderá condicionar as anteriores consideracións.

O que se informa en Fene, aos efectos oportunos, a 26 de novembro de 2.009.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE.

INFOPROXECTOS.1/645-651

7 de 7 “

“Asto.: **[INFORME SOBRE “PROXECTO DE ABASTECIMENTO NA ESTRADA DE LARAXE \(LIMODRE\)”](#)**. Consultor: **[PROYFE, S.L.](#)**. Autor: **[Enxeñeiro de Camiños D. MARCELINO LÓPEZ MÉNDEZ](#)**. Novembro 2.009. **[Importe total investimento \(licitación\): 37.506,87 €](#)**

En relación co proxecto do asunto, o Enxeñeiro de Camiños Municipal emite o seguinte informe:

1.- O Proxecto do asunto inclúe unha única obras de Abastecemento na Estrada de Laraxe e entorno en Limodre mediante a instalación dunha tubería principal de PE de ϕ 90 mm de 661 m de lonxitude e un ramal de PE de ϕ 63 mm. Inclúe elementos accesorios necesarios para funcionamento da rede (desaugue, válvulas, ventosas,) e reposición dos pavimentos afectados.

Polas condicións topográficas e de presión da rede actual de abastecemento en Limodre a ampliación que se proxecta e informa non pode acometer á rede existente senón que, como se recolle de maneira explícita no aptdo. 3.2 da Memoria: *"Esta rede de PE Ø 90 mm conectará coa rede de PE Ø 90 mm que está definida no proxecto "Asfaltados na travesía da Vrea e na Rúa do Penedo, Abastecemento no Campanario e no Pereiro e Saneamento no Redondo", polo tanto será preciso acometer as obras do citado proxecto antes que as que fai referencia o presente documento"*.

É dicir, que o devandito proxecto ao que se fai referencia debe ser de execución previa ou simultánea ao que aquí se informa, xa que en caso contrario éste non poderá entrar en servizo.

2.- O proxecto inclúe os documentos básicos ou mínimos necesarios requeridos polo Art. Art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (L.C.S.P.) e 125 a 133 do Regulamento da L.C.A.P. (R.X.C.): Memoria (incluíndo declaración de obra completa) e anexos, Planos, Prego de Condicións e Presuposto para a definición das obras, procedendo as observacións de carácter urbanístico e técnico que se recollen seguidamente.

3.- Caben as seguintes observacións e consideracións de carácter técnico de competencia do funcionario que suscribe ao documento sobre aspectos urbanísticos e de adecuación das obras previstas no proxecto ao vixente PXOM/Rev. 98 do Concello de Fene.

O Abastecemento na Estrada de Laraxe en Limodre, con tubería principal de PE de ϕ 90 mm (661 m) e ramal de PE de ϕ 63 mm (142 m), enlaza unha rede de abastecemento da parte alta de Limodre prevista en proxecto a executar co P.O.S. 2010 coa Estrada de Laraxe a través dun vial secundario de titularidade municipal dendo o Igrexario.

Dará servizo a catro (4) vivendas situadas na devandita estrada e nun vial lateral, discorrido e servindo a unha área de Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A.U.) segundo vixente PXOM/Rev. 98(03) de Fene.

O material previsto para as conducións, PE, é perfectamente admisible e usual para o servizo a prestar sempre que sexa *"apto para uso alimentario"*.

Debe facerse constar que á condución que discorre en toda a lonxitude por S.R.A.U. resúltalle de aplicación o Art. 33.2.f) da L.O.U.P.M.R.G. no senso de que a rede de abastecemento *"non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede"* en relación coa autorización de usos permitidos por licenza municipal prevista nos arts. 36.1 e 37.1 da L.O.U.P.M.R.G. para solos rústicos de protección ordinaria, de especial protección agropecuaria, forestal ou de infraestructuras pero tendo en conta que nas zonas servidas xa existen parcialmente servizos de saneamento e na súa totalidade acceso rodado e electricidade polo que a rede de abastecemento que se proxecta mellora e amplía as condicións de servizos existentes coa garantía de calidade do abastecemento de auga que supón a nova condución.

Por outra parte, si se considera que o feito da clasificación como S.R.A.U. impide na práctica a urbanización directa no senso de ocupación residencial a pesares da existencia dos servizos urbanos, resulta admisible, con tal consideración, a implantación do servizo.

Como xa se ten indicado en caso anteriores similares, a determinación da L.O.U.P.M.R.G. no senso de impedir a urbanización de solos rústicos mediante a implantación de servizos urbanos pode entrar en contradición co Art. 26 da Lei 7/85 de Bases de Réxime Local no que se establece que:

“**Art. 26. 1.** Os Municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:

En todos os Municipios:

c) Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, **abastecemento domiciliario de auga potable**, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas e control de alimentos e bebidas.
.....”

independentemente da poboación e das condicións urbanísticas da mesma.

En definitiva, cabe a interpretación de que unha vez implantada legalmente unha edificación ou un grupo de vivendas, como é o caso na Estrada de Laraxe, o Art. 26 da L.B.R.L. obriga ao Concello á prestación dos servizos citados, si ben tal actuación, como se indicou, “*non poderá implicar a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorre a rede*” de maneira que haberá de garantizarse o mantemento das condicións urbanísticas dos solos afectados pola implantación, o que se pode resolver mediante a tramitación da autorización á Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas, competente na materia.

Por outra parte, debido a que a lonxitude total do novo tramo do abastecemento supera os 500 m (661 + 142 = 803 m), en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano, a autoridade sanitaria deberá elaborar un informe sanitario vinculante sobre o proxecto relativo a este aspecto, polo que a aprobación quedaría condicionada en todo caso, tamén, á cumplimentación de tal trámite en senso favorable aínda que técnicamente a solución proxectada é correcta.

4.- En resume, o Proxecto **infórmase favorablemente e con carácter previo xeral coas observacións apuntadas** en canto ás actuacións en solo rústico reflectidas no apartado 3 anterior e **condicionado ás autorizacións de organismos e administracións publicas con competencias sobre as obras nos termos indicados.**

Por unha cuestión de mellor entendemento na ubicación da obra en relación coa clasificación de solo no PXOM/Rev. 98(03) propónse requirir ao autor para que, de forma complementaria, no propio plano Nº 2 se represente a traza sobor da clasificación do solo.

Reitérase a **necesaria tramitación para autorización expresa pola Consellería de Sanidade** do abastecemento na Estrada de Laraxe por ter unha lonxitude superior aos 500 m, en aplicación do Art. 13.1 do Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios da calidade da auga de consumo humano e, si se considera procedente á vista do informe xurídico, da **Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestruturas** por razón de clasificación do solo.

En tanto non se resolva favorablemente sobre tales autorizacións o presente informe debe entenderse provisional e condicionado a posibles imposicións por tales organismos. Asimesmo, sen tales autorizacións non procederá realizar a acta de replanteo.

Finalmente, exposto todo o anterior debo facer referencia obrigada ao punto 1.3 do Prego da “Concesión da explotación dos servizos Municipais de Abastecemento de auga e da rede de Saneamento do Concello de Fene” adxudicado a AQUAGEST, no que se establece a *obriga do concesionario de informar a asesorar técnicamente á Corporación sobre todo o relativo aos*

servizos de auga e rede de saneamento, polo que, tendo en conta que o Proxecto analizado contén actuacións en abastecemento e afecta á rede e condicións do abastecemento en Fene, procede de forma obrigatoria o informe de AQUAGEST que poderá condicionar as anteriores consideracións.

O que se informa en Fene, aos efectos oportunos, a 26 de novembro de 2.009.

O Enxeñeiro de Camiños Municipal

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE FENE.

INFOPROXECTOS.1/653-655

3 de 3”

PROPONSE A O PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DOS SEGUINTE ACORDOS:

Primeiro.- Aprobar o **Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (P.O.S.) 2010**, cuxas bases se aceptan na súa totalidade, no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no exercicio 2010, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Orzamento
“Asfaltados na travesía da Vrea e na rúa do Penedo. Abastecemento no Campanario e no Pereiro. Saneamento no Redondo”	255.822,17 €	34.774,15 €	290.596,32€
SUBTOTAL OBRAS	255.822,17€	34.774,15 €	290.596,32€

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2010 e que se relacionan na táboa anterior.

Segundo.- Aprobar o Plan complementario do ano 2010 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Orzamento
“Abastecemento na estrada de Laraxe (Limodre)”	37.506,87 €

Terceiro.- Adoptar o compromiso de realizar as actuacións pertinentes en orde a obter a total dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras así como para obter as concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2010 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2010.

Quinto.- Solicitar á Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si ésta prodúcese efectivamente.

Sexto.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

Sétimo.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente ao Alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene, 27 de Novembro de 2009.
O Alcalde-Presidente
Asdo. Iván Puentes Rivera.”

A continuación dáse conta da Nota informativa de Secretaría número 84/2009 de data 27 de novembro de 2009 na que se informa desfavorablemente os proxectos e que, transcrita di:

“NOTA INFORMATIVA DE SECRETARÍA

84/2009

Téndose convocado polo Sr. Alcalde-Presidente sesión extraordinaria a celebrar polo Pleno da Corporación en data 30 de novembro de 2009, coa inclusión na Orde do Día do asunto “*1º.- Aprobación dos proxectos dos títulos “**Asfaltados na travesía da Vrea e na rúa do Penedo, abastecemento no Campanario e no Pereiro e Saneamento no Redondo**” coma proxecto principal e, “**Abastecemento na estrada de Laraxe (Limodre)**” coma complementario, ámbolos dous a incluír no Plan de Obras e Servizos do ano 2010 (POS 2010) promovido pola Deputación Provincial da Coruña*”, por esta Secretaría, coas limitacións propias desta nota e as derivas do escaso tempo hábil con que contou para o exame do asunto, fánse as seguintes consideracións:

CUESTIÓN PREVIA – CONDICIONAMENTOS

Con carácter previo ao que se dirá déixase constancia do escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame do expediente, en concreto dos proxectos e dos informes do enxeñeiro de camiños canles e portos municipal verbo dos mesmos (a documentación con incidencia do asunto a coñece esta Secretaría no día da data) o que impide a emisión dun informe dacordo co disposto na normativa de aplicación e facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que as consideracións que seguen poden ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas.

En todo caso, pola que subscribe, como xa se ten solicitado en anteriores ocasións, reitérase novamente a solicitude de que os expedientes se entreguen nesta Secretaría con antelación suficiente ao obxecto de poder exercer axeitadamente as funcións de asesoramento legal e exame de expedientes atribuídas pola normativa vixente.

Por outra banda, cómpre sinalar que no día da data, polo Concelleiro delegado da área de desenvolvemento territorial entrégase a esta Secretaría un documento que leva por título “**INFORME** elaborado polo Letrado Germán Acción López, relativo ao **PROXECTO DE ASFALTADOS NA TRAVESÍA DA VREA E NA RUA DO PENEDO, ABASTECIMENTO NO CAMPANARIO E NO PEREIRO, E SANEAMENTO NO REDONDO**”, que consta de nove (9) planas. En relación á emisión de informes por parte de Letrado non funcionario, esta Secretaría reitera novamente o sinalado en anteriores ocasións verbo de que os informes para

resolven los expedientes deben ser emitidos por funcionarios/as públicos/as, polo que ditos informes non poden suplir aos informes que deben ser emitidos por funcionarios/as públicos/as, polo que se reitera o sinalado verbo de que a contratación administrativa destes servizos para a emisión de informes, ademais de tratarse dunha contratación verbal prohibida expresamente polo ordenamento xurídico, non se atopa, a xuízo da que subscribe, desde un punto de vista da contratación administrativa, xustificada, polo que dita contratación infrinxe a normativa de aplicación .

Sentado o anterior fánse as seguintes consideracións:

Primeira.- Con carácter previo cómpre sinalar que os proxectos que se examinan figuran redactados por D. Marcelino López Méndez, de PROYFE,S.L..Non consta a existencia de contrato de servizos entre este Concello e PROYFE para a elaboración dos citados proxectos.

En relación a este extremo por esta Secretaría remítense ao sinalado en anteriores informes e notas informativas polo que, ao non poder ser considerados os servizos como contratos menores , sempre e cando se atopara debidamente xustificada a necesidade da contratación(mediante informe do servizo correspondente- artigo 73.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións públicas) o contrato para a elaboración dos proxectos débese adxudicar a traves dos procedementos e formas de adxudicación establecidos na Lei 9/2002, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público(LCSP), dacordo cos principios de publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia, e a través dos procedementos regulados na citada Lei polo que se informa que o feito de contratar verbalmente o servizo de elaboración dos proxectos técnicos , prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido infrinxe a legalidade.

Segunda.- Coas limitacións anteriormente citadas, fánse as seguintes consideracións en relación aos proxectos examinados:

2.1.- Polo que respecta ao “Proxecto de asfaltados na Travesía da Vrea e na Rúa do Penedo, Abastecemento no Campanario e no Pereiro e Saneamento no Redondo”:

2.1.1.- En canto ao abastecemento no Campanario, Cornide, Igresario e Estrada de Laraxe, á vista de que segundo se indica polo técnico municipal, discorre por S.R.E.P.A. e S.R.A.U. , cómpre informar o seguinte:

O artigo 36.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia establece como un dos usos permitidos por licenza municipal en solo rústico de protección ordinaria os sinalados no artigo 33.1 f), é dicir “ Instalacións necesarias para os servizos técnicos de telecomunicacións, a infraestrutura hidráulica e as redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, abastecemento de auga e saneamento, sempre que non impliquen a urbanización ou transformación urbanística dos terreos polos que discorren.”

Establece a Lei no artigo 33.1.f) anteriormente transcrito as seguintes condicións para poder autorizar as instalacións ou redes ás que fai referencia ; que non impliquen a urbanización ou a transformación urbanística dos terreos polos que discorren.

A xuízo da que subscribe, o saneamento implica unha obra de urbanización , é dicir, aínda que as parcelas carezan doutros servizos, o certo é que dotarlles de saneamento supón unha certa urbanización das mesmas (nos supostos examinados prevéase a execución dun colector e ramais)

Agora ben, débese ter en conta que o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que *“Los Municipios por si o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes: a) En todos los Municipios: Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, accesos a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas(...)*. En termos similares se pronuncia o artigo 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, ao sinalar que *“Los municipios, independientemente o asociados , prestarán, como mínimo, los siguientes servicios: a) En todos los municipios. Alumbrado público, cementerio, recogida selectiva, en su caso, de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación y conservación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas en todo lo que no sea competencia de otras Administraciones”*. E o artigo 18 da Lei 7/1985, de 2 de abril, establece que son dereitos e deberes dos veciños (...) g) esixir a prestación e, en todo caso, o establecemento do correspondente servizo público no suposto de constituir unha competencia municipal de carácter obrigatorio.

No suposto examinado, como se indicóu, non se cumpre o disposto na lexislación urbanística , en concreto o disposto no artigo 33.1 f) da Lei 9/2002.

Polo exposto en relación a este extremo, por esta Secretaría se considera procedería elevar consulta ao órgano competente da Consellería de Medio Ambiente, Transportes e Infraestructuras.

2.1.2.- En canto ao abastecemento no Camiño do Pereiro,(Maniños,):

2.1.2.1.-Polo que respecta á parte que discorre por S.R.A.U, remítese a que subscribe ao sinalado no apartado anterior (2.1.1)

2.1.2.2.- E en canto á parte que , segundo se informa polo técnico municipal, discorre por Solo Urbano Consolidado Residencial, cómpre sinalar o seguinte:

Obsérvase ,a xuízo da que subscribe, unha contradicción entre a clasificación do solo (solo urbano consolidado, segundo indica o enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal no informe de data 26 de novembro de 2009) e a realidade fáctica , dada a inexistencia, alomenos, do servizo de abastecemento de auga nos terreos á que se refire as actuacións do proxecto, polo que, dada a inexistencia do servizo de abastecemento de auga, os terreos non poden categorizarse como solo urbano consolidado, por canto, ao non existir o citado servizo de abastecemento de auga, os terreos non reúnen os requisitos que o artigo 12 da L.O.U.P.M.R.G. fixa para poder ser considerados como solo urbano consolidado, pois o devandito precepto esixe que os terreos contén cós servizos (non que estean máis ou menos próximos). De tratarse de solo urbano consolidado pola edificación (extremo éste que debería ser informado polo técnico municipal) a categorización do solo habería de ser, ao carecer , canto menos, do servizo citado, a de solo urbano non consolidado.

Resulta, pois, que existe no suposto examinado unha contradicción entre a categorización do solo urbano e a realidade física , e nestes supostos, a xurisprudencia ven mantendo o que se denomina *“ fuerza normativa de lo fáctico”*, é dicir, a prevalencia da realidade fáctica sobre as determinacións contidas no planeamento. Tendo en conta esta doutrina xurisprudencial, entende a informante que debe estarse á realidade fáctica dos terreos polo que, á vista da carencia de abastecemento de auga na marxe dereita de dita estrada, a categorización dos terreos como categorización como solo urbano consolidado non se axusta, a xuízo da que subscribe, ao disposto na lexislación vixente.

E no solo urbano non consolidado, a Lei 9/2002, de 30 de decembro establece como un dos deberes dos propietarios o de custear e, se é o caso, executa-las obras de urbanización do polígono, así como as conexións cós sistemas xerais existentes, nos prazos establecidos polo planeamento. É dicir, os propietarios de terreos de solo urbano que carezan de urbanización consolidada deben asumir unha serie de deberes, entre os que se atopa o de custear, e, no seu caso, executar a urbanización. Deber que se corresponde có dereito dos propietarios a completar pola súa conta a urbanización necesaria para que aqueles alcancen se aínda non a tivesen, a condición de soar, segundo determina a citada Lei 9/2002, de 30 de decembro.

Polo tanto, o Concello debería proceder en solo urbano non consolidado como impoñen as normas urbanísticas, facendo cumprir os deberes dos propietarios do solo, exercitando as súas facultades administrativas, de maneira que se asegure o cumprimento da función social do dereito de propiedade, polo que a xuízo da que subscribe, se ben o Concello ten a obriga de presta-lo servizo de abastecemento de auga, infórmase que non se axusta á normativa vixente repercutir na colectividade o custo de implantación de servizos no solo urbano non consolidado dos que se benefician en primeiro término uns concretos propietarios aos que corresponde custear ditos servizos con pleno respecto da equidistribución. (neste Sentido, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Valenciana de data 10 de xuño de 2005).

Polo exposto a xuízo da que subscribe, non se axusta á normativa vixente que as obras sexan custeadas polo Concello e outros organismos públicos.

2.1.3.- Verbo do Saneamento e Impulsión no Camiño do Redondo (Magalofes), á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal verbo de que *“... Da servizo a varias vivendas do Redondo(Magalofes), todas emprazadas en Solo Urbano, Norma Zonal Unifamiliar U-2”*, esta Secretaría remítese ao sinalado no apartado 2.1.2.2. da presente .

2.1.3.- En canto ao Abastecemento na Travesía da Vrea (Maniños), e Asfaltado da Rúa Penedo-1ª Fase, á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal no informe anteriormente citado verbo da ocupación das obras proxectadas, compártese pola que subscribe o sinalado polo referido técnico verbo de que as actuacións só poden considerarse adaptadas ao PXOM/Rev.98 si se entenden como unh primerira fase de ocupación, o que debe considerar a Corporación.

2.1.4.- Por outra banda, cómpre sinalar que á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal débense obter as autorizacións e informes que no mesmo se indican. Dado que no informe técnico citado se sinala que en tanto non se resolva favorablemente sobre tales autorizacións o citado informe debe entenderse provisional e condicionado a posibles imposicións polos organismos citados, entende a que subscribe que as autorizacións necesarias ás que se refire o enxeñeiro municipal – de ser outro o criterio da Corporación verbo do sostido por esta Secretaría-deberían obrar no expediente con carácter previo á adopción de acordo verbo do proxecto.

En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** o “Proxecto de Asfaltados na Travesía da Vrea e na Rúa do Penedo, Abastecemento no Campanario e no Pereiro e Saneamento no Redondo”.

2.2.- Polo que respecta ao “Proxecto de abastecemento na estrada de Laraxe (Limodre)”:

2.2.1- No informe do enxeñeiro municipal de data 26 de novembro de 2009 sinalase , entre outras cousas, que “...Dará servizo a catro (4) vivendas situadas na devandita estrada en un vial lateral, discorrido e servindo a unha área de Solo Rústico Apto para Urbanizar (S.R.A:U.) segundo vixente PXOM/Rev.98(03) de Fene.....” remítese a que subscribe ao sinalado no apartado 2.1.1 da presente.

2.2.2.- Por outra banda, cómpre sinalar que á vista do sinalado polo enxeñeiro municipal débense obter as autorizacións e informes que no mesmo se indican. Dado que no informe técnico citado se sinala que en tanto non se resolva favorablemente sobre tales autorizacións o citado informe debe entenderse provisional e condicionado a posibles imposicións polos organismos citados, entende a que subscribe que as autorizacións necesarias ás que se refire o enxeñeiro municipal deberían obrar no expediente con carácter previo á adopción de acordo verbo do proxecto.

En atención ao exposto infórmase **desfavorablemente** o “Proxecto de abastecemento na estrada de Laraxe(Limodre)”.

É o que expoño nesta nota informativa que ocupa cinco(5) planas. A presente nota é o resultado da análise dos documentos examinados e non abrangue aspectos que, pola súa natureza e polo escaso tempo hábil con que contou esta Secretaría para o exame da documentación requiren dun exame máis coidado do expediente, polo que as consideracións feitas poderán ser ulteriormente ampliadas e/ou matizadas nun informe emitido dacordo co que dispón a normativa de aplicación.

Fene, 27 de novembro de 2009
A SECRETARIA
Asdo: Pilar María Pastor Novo.”

Non producíndose intervencións e sometido pola Presidencia o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanidade dos/as Srs/as Concelleiros/as asistentes á sesión aprobar a proposición de Alcaldía de data 27 de novembro de 2009, que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos.”

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás nove horas e dezasete minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe,
O Alcalde-Presidente

Iván Puentes Rivera

A secretaria xeral,

Pilar María Pastor Novo